

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DE CONSUMO DO CONCELLO AS NEVES PARA A REALIZACIÓN DE MELLORAS DAS INSTALACIÓNS EXERCICIO 2025.

A presente convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva, formalizase de acordo co establecido na Ordenanza reguladora do réxime xurídico das subvencións outorgadas polo Concello de As Neves aprobada en sesión plenaria de data 13 de febreiro de 2018 e publicada no BOPPO número 76 de 16 de abril de 2018, e ao amparo da Lei 38/2023, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Primeira.- Obxecto e Beneficiarios.

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública por parte do Concello das Neves para a tramitación e concesión de subvencións, mediante o procedemento común en réxime de concorrência competitiva, destinadas ás Comunidades de Usuarios de Augas que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, e que realicen investimentos nas traídas veciñais das Comunidades de Usuarios de Augas entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025 (ambos incluídos). Estes investimentos deberán redundar na mellora do servizo e fomentar o asentamento no rural ademais de dinamizar o asociacionismo veciñal.

Segunda.- Gastos Subvencionables.

Con cargo ás correspondentes dotacións orzamentarias, o obxecto das axudas comprenderá a contratación de obras, adquisición de materiais, man de obra ou equipamentos, asociados a melloras nas seguintes áreas de actuación:

- Captación de augas (fontes e pozos e o seu entorno).
- Sistemas de almacenamento e potabilización (depósitos e o seu entorno, filtración, decantación, cloración).
- Rede de distribución de auga (extensión ou mellora nas redes de distribución).
- Melloras nas instalacións (conexións eléctricas, sistemas de bombeo, peches e seguridade nas instalacións, etc.).

Especificamente quedan excluídos os gastos derivados de:

- Publicidade, cartelaría, comunicación.
- Elaboración de proxectos, asesoría, xestoría ou consultoría.
- Medición e control da calidade da auga.
- Inscripción no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).
- Realización de Protocolo Sanitario.

A Comunidade de Usuarios de Augas solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido para o ano 2025.

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos de proxectos ou accións concretas e individualizadas no ano 2025 e que se definen na presente base.



Terceira.- Financiamento da convocatoria.

A concesión de axudas reguladas nesta orde, será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 161.78 do orzamentario vixente do ano 2025, que conta con un orzamento total de 22.000,00 euros.

A axuda máxima por Comunidade beneficiaria será de 5.000 euros, que en ningún caso poderá exceder do 100% do orzamento total do proxecto presentado.

Cuarta.- Compatibilidade, contía e límites.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, toda vez que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá ser superior ao 100% do orzamento que presente a Comunidade de Usuarios.

Os beneficiarios poderán recibir como máximo o 100% do orzamento (IVE incluído) presentado sobre os gastos subvencionables. A cantidade máxima de subvención a recibir será de 5.000 euros por cada Comunidade de Usuarios.

O reparto do crédito dispoñible para esta liña de axuda é de 22.000 euros, o cal realizarase da seguinte forma:

- 1.-Darase unha puntuación a cada Comunidade de Usuarios en base aos criterios de avaliación recollidos na base décima.
- 2.-Sumarase o total de puntos acadados por cada Comunidade de Usuarios.
- 3.-Dividirase o crédito total (22.000,00 euros) entre o total de puntos, obtendo un prezo/punto.
- 4.- Multiplicaranse os puntos de cada Comunidade polo prezo/punto, obtendo así a cantidade máxima que lle corresponde a cada Comunidade de Usuarios, cantidade que estará limitada a 5.000 euros.

Quinta.- Requisitos dos solicitantes beneficiarios

As Comunidades de Usuarios legalmente autorizadas e constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social, se procede, e con Concello de As Neves.
- Non estar incluídos en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións previstas na Ley 38/2003 de 17 de Novembro. Xeral de Subvencións, no artigo 13.
- Figurar inscrita no Rexistro de Augas da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.
- Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade.



Sexta.- Solicitud e documentación a achegar.

As Comunidades de Usuarios de Augas que estean interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria, deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- ANEXO I: Impreso oficial de solicitud, que irá acompañado da documentación que nel se indica.
- ANEXO II: Certificación do acordo de solicitud, nomeamento de representante para as relacións co Concello e número de usuarios.
- Documentación acreditativa de cada un dos criterios de avaliación que cumpra a Comunidade de Augas, de ser o caso, recollidos na base décima, co fin de que sexan valorados pola Comisión de Avaliación.
- Certificación dos datos bancarios da comunidade (selado pola entidade bancaria)

Sétima.- Lugar e prazo de presentación.

As entidades que desexen acollerse aos beneficios desta convocatoria presentarán solicitud a través da sede electrónica do Concello (<https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>) dirixida á Alcaldía segundo o Anexo I coa documentación que nel se indica.

O prazo de presentación de solicitudes é de quince (15) días naturais, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Esta convocatoria publicárase na páxina web do Concello.

Acompañarase declaración das axudas públicas recibidas nos últimos 2 anos superiores a 5.000 euros, así como declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas que financien o investimento que se vai subvencionar e compromiso de comunicarlle ao Concello As Neves as que obteñan nun futuro.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

As solicitudes presentaranse a través da Sede Electrónica, <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>.

Os modelos de solicitud e os correspondentes Anexos, estarán dispoñibles na web; www.asneves.gal.

Oitava.- Emenda da solicitud.

Se a solicitud non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 da LPAC, requiriráselle ao interesado que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo sen que a solicitud fose emendada, e previa resolución de acordo co establecido no artigo 68 da LPAC, considerarase desistida.



Novena.- Procedemento de Concesión.

A concesión das subvención realizarase polo sistema de concorrência competitiva, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local do Concello de As Neves.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento serán realizados electronicamente, a través da sede electrónica do Concello de As Neves.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponderá ao Concelleiro/a Delegado/a do Concello de As Neves e a un/unha empregado/a municipal, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se formule a proposta de concesión.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle ao interesado, de conformidade co establecido no artigo 68 da LPACAP, para que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixera, considerárase por desistida a solicitude.

Comprobado polo órgano instrutor que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos nas presentes bases tanto para obter a condición de beneficiario/a como polo cumprimento da achega da documentación requirida para participar no proceso de concesión, darase traslado dos expedientes de solicitude á Comisión de avaliación para que efectúe a correspondente avaliación.

A comisión de avaliación será o órgano encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados na base décima, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

A composición da comisión de avaliación estará integrada polo Alcalde-Presidente do Concello As Neves, ou concelleira/o en quen delegue, o Concelleiro/a da área e un/unha empregado/a municipal, que actuará como secretario/a.

Na proposta de concesión que formule a comisión, figurarán de xeito individualizado as entidades solicitantes propostas para obter a subvención, e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos na base décima. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

O resto das actuacións subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben coa ampliación dos créditos orzamentarios destinados a esta subvención de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.



A comisión de avaliación constituirase na sede do Concello As Neves. O seu funcionamento rexerase polo disposto na Sección 3ª, do capítulo II, do título preliminar da Lei 40/2015, do 10 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A Comisión de avaliación elevará a proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, quen resolverá no prazo máximo de dous meses a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

A resolución que se adopte pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso ante o xulgado do contencioso administrativo.

As notificacións de resolución practicaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na norma reguladora do procedemento administrativo común.

As notificación entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rechazada transcorridos dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sin que se acceda ao seu contido.

Décima.- Criterios de avaliación.

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases valoraranse pola Comisión de Avaliación.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión de Avaliación terá en conta os seguintes criterios de valoración cun máximo de 100 puntos:

1.—Número de usuarios (billas): (Ata 15 puntos)

- a. Ata 50 usuarios (5 puntos)
- b. Entre 51 e 100 usuarios (10 puntos)
- c. Máis de 100 usuarios (15 puntos)

2.—Corresponsabilidade financeira, entendida como unha cota por usuario e ano: (Ata 10 puntos)

- a. Ata 25 euros. (2 puntos).
- b. De 25-50 euros (5 puntos).
- c. De 50-75 euros (7 puntos).
- d. Mais de 75 euros(10 puntos).
- e. Que realizen aportacións extraordinarias por usuario para obras, nos últimos tres anos, por importe igual ou maior a 100 euros (5 puntos).

3.—Proporcionar auga de consumo gratuíta a algún centro educativo ou cultural (CEIP, IES, escola infantil, centro cultural ou deportivo) (10 puntos).

4.—Proporcionar auga de consumo gratuíta ao cemiterio da parroquia (5 puntos).

5.—Ter liquidado taxas e impostos municipais no último ano, sen bonificación, por realización de obras na traída de augas (5 puntos).



6.—Uso do galego nas comunicacións a usuarios e documentación escrita. (5 puntos).

7.—Non ter percibido axudas do Concello As Neves no último ano que financiasen o investimento que se vai a subvencionar nestas bases por importes superiores a 5.000 euros. (10 puntos).

8.—Interese dos investimentos propostos para o seu financiamento. (Ata un máximo de 40 puntos).

- Incrementar a capacidade das captacións. (10 puntos).
- Incrementar a capacidade dos depósitos. (10 puntos).
- Instalación de sistemas de potabilización. (5 puntos).
- Renovación da rede de distribución por deterioro ou escasa capacidade con relación aos veciños. (10 puntos).
- Comunidades con problemas pola seca. (5 puntos).

Adxudicarase a subvención por orde de maior puntuación, co límite do 100% (IVE incluído) do orzamento e 5.000 por comunidade ata esgotar a partida de 22.000 euros.

Decimo Primeira.- Resolución e notificación.

1. Segundo o establecido no apartado 9.8 Ordenanza Fiscal Xeral Reguladora do Réxime Xurídico das Subvencións o prazo máximo para a resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta convocatoria será de 6 meses, contado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. Será causa de denegación de concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada na presente convocatoria.

A Xunta de Goberno Local, a vista da proposta de resolución definitiva realizada pola Comisión de avaliación, resolverá o procedemento.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

6. Contra a resolución as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular do Concello As Neves, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei



39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

Décimo Segunda.- Aceptación da subvención e compromisos.

1. O representante da entidade beneficiaria disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.
2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará canta información lle sexa requirida.

Decimo Terceira.- Obrigas dos beneficiarios.

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán aceptar as seguintes obrigas:

- Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- O Concello As Neves poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Decimo Cuarta.- Forma e prazo de xustificación e abono das subvencións.

1. As subvencións concedidas serán pagadas unha vez sexa xustificado o gasto realizado, obxecto da subvención, cos documentos xustificativos que se regulen nas bases da presente convocatoria.
2. O prazo de presentación da xustificación dos gastos subvencionables finalizará o 15 de novembro de 2025 (sen prexuízo de que os gastos sexan realizados durante o período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, ambos incluídos)

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no certificado bancario aportado, previa presentación dos Anexos III e IV, xunto coa documentación que neles se require.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ó 125% do importe de subvención concedida.



3. O importe da subvención concedida aboarse unha vez aprobada definitivamente pola Xunta de Goberno Local e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Anexos III e IV.
- Facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (transferencias bancarias).
- Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada. (Cartel de obra en lugar visible)
- Os certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social deberán estar vixentes no momento da xustificación.
- Memoria detallada da actividade realizada, obxecto da subvención.

4. Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado a correspondente xustificación entenderase que a entidade renuncia á subvención.

Décimo Quinta.- Devolución e Reintegro de subvencións.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ó obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ó non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.
- Ó incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O reintegro das cantidades efectuarase de acordo co procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

Décimo Sexta.- Réxime xurídico aplicable.

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos que se deriven delas e das actuacións da Comisión de avaliación poderán ser impugnadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, así como pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

O Alcalde, Jose Manuel Alfonso González

(data e sinatura dixital ao marxe)

